

Como o feminismo nos cambia a vida

Introdución á teoría e praxe do feminismo



3 de abril ás 10.00 h
Espazo 14, Facultade
de Belas Artes

Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade

Como o feminismo nos cambia a vida

Introdución á teoría e praxe do feminismo

Luns, 3 de abril de 2017, de 10.00 a 14.00 h.
Espazo 14 da Facultade de Belas Artes.

Introdución

As mulleres estamos educadas no non poder. Unha das formas a través das que se perpetúa a violencia simbólica contra as mulleres e outros grupos minorizados é coa ocultación sistemática da historia propia. Para romper con estas pautas, que nos restan autonomía, e reivindicar o noso potencial como axentes de cambio, é importante aprender o valor de autonomearnos, visibilizar as nosas xenealoxías, darnos autoridade e recoñecer ás outras como interlocutoras e aliadas.

Este obradoiro preséntase como unha proposta introdutoria á historia do feminismo, é dicir, á toma de conciencia colectiva da desigualdade e ás reivindicacións e loitas que os feminismos articularon contra esta situación.

Traballaremos, de forma dinámica e colaborativa, para achegarnos a conceptos, ondas, fitos e feministas relevantes para o avance cara unha sociedade igualitaria.

Persoas destinatarias

Calquera estudante da Universidade de Vigo.
Terá preferencia o alumnado de Grao.

Obxectivos

- Facilitar un espazo de reflexión a partir dun marco teórico no que se coñezan as bases sistemáticas da discriminación de xénero.
- Proporcionar ferramentas para que as mulleres asuman a necesidade de visibilizar e apoiar as outras mulleres na toma de conciencia do seu valor e o seu poder.
- Visibilizar a importancia da creación de redes.
- Favorecer a aprendizaxe e o coñecemento do significado dos procesos de empoderamento das mulleres desde o feminismo.
- Promover a toma de conciencia individual e colectiva sobre a desigualdade das mulleres e impulsar a participación sociopolítica para avanzar cara á igualdade.

Metodoloxía

A metodoloxía de desenvolvemento desta proposta é dinámica e participativa a través de actividades que fomenten a construción colaborativa de coñecemento e poñan en valor as voces e experiencias diversas das participantes.

Todos os contidos e dinámicas desenvolveranse desde a perspectiva feminista tratando de:

- non naturalizar estereotipos,
- rexeitar a violencia de xénero e a homolebóbobitránfoba,
- empregar linguaxe inclusiva,
- non reproducir relacións de poder e
- visibilizar as achegas das mulleres e doutros colectivos minorizados.

Contidos

- Identidades de sexo, xénero e orientación sexual. A violencia do sistema sexo-xénero.
- Socialización diferencial, relacións de xénero e interseccionalidade.
- Feminismo(s). Historia, claves e estratexias.

Dinamizadora

Mar F. Cendón

Licenciada en Ciencias Políticas e Mestrado en Estudos de Xénero.

Traballa como técnica de igualdade, docente e dinamizadora de obradoiros con perspectiva de xénero vinculados coa despatriarcalización dos espazos e das relacións e coa construción colectiva e autoxestionada de ferramentas de empoderamento.

Colabora e organiza actividades e accións para difundir a teoría feminista e participa no movemento feminista autónomo galego.

Inscripción

Envía unha mensaxe ao enderezo igualdade01@uvigo.es sinalando:

- Nome e apelidos:
- DNI:
- Titulación que estás cursando:

Expedirase un certificado de asistencia.

Como o feminismo nos cambia a vida

Introducción á teoría e praxe do feminismo



3 de abril ás 10.00 h
Espazo 14, Facultade
de Belas Artes